



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que en data 1 de marzo de 2018 publicase no Diario Oficial da Unión Europea anuncio de licitación do servizo para a axuda no fogar do Concello de Valdoviño, con un orzamento estimado de contrato de 2.806.376.

Visto que en data 2 de marzo de 2018 publicase no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de licitación do mesmo contrato.

Considerando que o 19 de marzo de 2018 ten entrada no Rexistro do órgano de contratación, anuncio de recurso especial en materia de contratación contra os pregos de dito contrato. O 20 de marzo de 2018 interpónse recurso ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales.

Visto que en data 7 de maio de 2018 a Secretaria do Tribunal actuando por delegación do mesmo, resolve conceder a medida provisional consistente en suspender o procedemento de contratación.

Vista a resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales no que se acorda:" *Primero. Desestimar el recurso interpuesto por D. José María Hernández de Andrés, en nombre y representación de la Asociación Estatal de Entidades de Servicios de Atención a Domicilio (ASADE) contra el pliego de cláusulas administrativas que ha de regir la contratación del "Servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Valdoviño". Segundo. Levantar la medida cautelar adoptada, de conformidad con lo establecido en el art.47.4 del TRLCSP"*

RESOLVO:

Primeiro.- Que se continúe co procedemento de contratación do "servizo de axuda no fogar do Concello de Valdoviño"

Segundo.- Que se publique a presente resolución no perfil do contratante.